


# DENTRO UNO A RÓ F

Asociación  
Proxecto  
Benito  
Losada

outono  
fotográfico  
2016



V  
I  
X  
X  
X



Vicerreitoría do  
Campus de Ourense  
Universidade de Vigo



#OF2016



Afundación [A Coruña, Vigo] • Arca da Noe [Vilar de Santos] • Aparthotel Arenteiro [O Carballiño] • Asador da Veracruz [O Carballiño] • Asociación Xuvenil Amencer [Ourense] • Asociación Fotográfica Potiños [O Carballiño] • Ateneo de Ourense • Biblioteca Municipal de Chaves • Bodegas Docampo • Café Peñasco [O Carballiño] • Campus de Ourense da Universidade de Vigo, Vicerreitoría do Campus: Biblioteca Universitaria, Edificios Politécnico e de Facultades, Sala Alterarte • Casino do Carballiño • Castelo de Santa Cruz (CEIDA) [Oleiros] • Centro Hospitalario Universitario de Ourense CHUOU SERGAS • CGAI • Club Recreativo Avintense [Avintes] • Clube Alpino Ourensán • Concello de Ourense: Concellería de Xuventude [Espazo Lusquiños da mocidade, Centros Cívicos de A Cuña e A Ponte], Concellería de Cultura [Museo Municipal de Ourense] • Concello de A Coruña: Biblioteca do Ágora, Biblioteca Municipal Castrillón, Biblioteca Rosales, Casa Museo Casares Quiroga, Casa Museo María Pita • Concello de Barbadás: Casa da Cultura • Concello do Barco de Valdeorras: Teatro Municipal Lauro Olmo • Concello de Braga • Concello de Celanova: Sala dos Arcos • Concello de Lalín: Auditorio • Concello de Outes: Casa da Cultura • Concello de Pantón: Edificio Sociocultural • Concello de Pontevedra: Casa da Cultura • Concello de Pontevedra: Pazo da Cultura • Concello de Ribadavia: Casa da Xuventude, Sala igrexa da Magdalena • Concello de Santiago: Centro Sociocultural do Castiñeiriño, Centro Sociocultural de Conxo, Centro Sociocultural do Ensanche, Centro Sociocultural das Fontiñas, Centro Sociocultural da Trisca, Centro Sociocultural José Saramago de Vite • Deputación de Lugo: Sala de exposicións, Rede Museística e Museo Provincial • Deputación de Ourense: Centro Cultural Marcos Valcárcel, Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo • Deputación de Pontevedra: Palacete das Mendozas • Difusora de Letras, artes e ideas • Designa Edenia • EFE • Emociois • Encontros de Agosto [Fortaleza, Brasil] • Encontros da Imagem [Braga] • Espacio Shangri-La [Ourense] • Espazo Xove de Chantada • Espazo Xove de Ourense [Antes Casa da Xuventude] • Estudio Abad Fotografía • Fontes non autorais: NASA, Crew and Officers of NOAA Ship FAIRWEATHER, Autoridade do Canal de Panamá, Wikipedia, Goldman Environmental Prize, BtSalem • Fotosconletra • FotoSintese [Ourense] • Fundación Laxeiro [Vigo] • Galería Imagem Brasil • Galería Marisa Marimón [Ourense] • Galería O garaxe\_O Faiado [Ribeira] • Galería das Salgadeiras [Lisboa] • Galería Sargadelos [Vigo] • Greenpeace • IES Chamoso Lamas [O Carballiño] • IES Señorín [O Carballiño] • iNstantes Festival de Fotografía de Avintes • La Kaseta, Ideas Factory • Librería Eixo [Ourense] • Liceo de Ourense • Lumbudus: Galería da Adega do Faustino [Chaves] • Médicos Sen Fronteiras • Museu da Imagem [Braga] • Museu D. Diogo de Sousa [Braga] • Museo Etnolóxico Ribadavia • O Cabalo Fosforito [Ourense] • Pazo de Almuzara [Boborás] • Photo Art [Ourense] • Portas Ártabras-Amigos dos Museos de Galicia [A Coruña] • Restaurante El Coto [Ourense] • Roberto Verino • Soho [Vigo] • Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

# XENTES DO CARBALLIÑO

**PORTAS ÁRTABRAS - AMIGOS DOS MUSEOS DE GALICIA**  
Rúa Sinagoga, 22. Teléfono: 981 210 101. Horario: luns a venres de 19:00 a 21:00 h.  
Sábados de 12:00 a 14:00 h.

2 a 30 de novembro

«Aos poucos imos sumando no rescate da memoria visual do Carballiño, na fixada en cartolinas de diferentes formas, moitas amareladas polo paso do tempo, outras sobadas por xentes curiosas ou, simplemente apegadas en álbums nos que mans agarimosas atesouraron lembranzas de parentela e apegaron intres felices parellos ao seu propio vivir. O Carballiño singularízase sobre outras vilas do país pola recuperación do seu pasado icónico cando estamos a pasar por un tempo de desconto para as fotos de soporte físico.

[...] Facendo conto dos centos de fotografías xa recuperadas no Carballiño, e mesmo da súa comarca, veremos que a máis antiga procede de 1869, un retrato de Tomás M<sup>o</sup> Mosquera, e a máis recente dátase en 1990. Supérase así o século en canto a testemuñas de memoria gráfica, que case abrangue a existencia da propia vila.»

Miguel Anxo Fernández

1.63

Oscar Reina

**CASA MUSEO DE MARÍA PITA**

Rúa Herrerías, 28. Teléfono: 981 189 853. Horario: martes a sábado de 10:30 a 14:00 e de 17:30 a 20:00 h. Domingo de 10:30 a 14:00. Luns pechado.

4 a 30 de novembro

1.219 habitantes. 4.308 km². Oficialmente, 2,6 habitantes por quilómetro cadrado. Mais os estudos demográficos rebaixan esa cantidade a menos de 1,7.

Eses son os números do abandono rural en certa rexión a cabalo entre as provincias de Guadalajara e Zaragoza, mais son aplicábeis a outras tantas rexións de España afectadas pola emigración en masa que tivo lugar principalmente durante os 60 e 70, cando miles de traballadores deixaron as súas aldeas de orixe para traballar como man de obra na puxante industria establecida nas periferias das grandes cidades.

O que deixou tras de si esa realidade é unha terra de ningúnén onde os trazos da antiga actividade humana nos contan a historia dun modo de vida extinguido a través de pegadas que pouco a pouco tamén se van desvanecendo.

# CÓDIGO POSTAL 4

Igor Calvo

**CASA MUSEO CASARES QUIROGA**

Rúa Panaderas, 12. Teléfono: 981 189 856. Horario: martes a sábado de 10:30 a 14:00 e de 17:30 a 20:00 h.  
Domingos e festivos de 10:30 a 14:00 h.

4 a 30 de novembro

Código Postal 4 propón un mapeado de territorios de inclusión/exclusión, unha xeografía da cidade na que os dispositivos de habitabilidade se mostran como proxección da evolución urbana. Imaxes compostas de fotografías documentais de fogares temporais e os planos de vivendas, infraestruturas ou rúas onde foron tomadas as fotografías, que plantexan a dualidade dentro/fóra dende varias perspectivas:

- Intimidade/Extimidade: a creación de lugares efémeros de privacidade en espazos públicos remite aos corpos e ás prácticas de control no espazo urbano.  
- Cidadanía/Segregación: o código postal, ferramenta imprescindible de acceso á condición de habitante da cidade, expresa a privatización do espazo e a creación de exclusión.

- Espacialidade /Virtualización: o fogar desmaterializado confrontado ao signo (o plano).

Código Postal, traballo en curso iniciado en 2012, investiga o discurso realidade/ficción producido polas sociedades post-capitalistas.

# VALLE INQUIETANTE

Patricia Arellano

**CASA MUSEO DE MARÍA PITA**

Rúa Herrerías, 28. Teléfono: 981 189 853. Horario: martes a sábado de 10:30 a 14:00 e de 17:30 a 20:00 h. Domingo de 10:30 a 14:00. Luns pechado.

2 a 31 de decembro

Val inqueda é a tradución literal de *Uncanny Valley*, unha expresión que afirma que cando as persoas observan unha máquina con aparencia antropomórfica e que actúa como humano senten un rechazo e non aceptan esa visión como algo natural. Isto é o que quixen mostrar coas miñas imaxes, o feito de encontrar figuras reconocíbeis en contextos non habituais causa no espectador unha sensación de extraneidade e desacougo. Bodegóns ingrátidos que son á vez xeografías cárnicas. Sorte de corpo utilizado como vanitas en conexión cos alimentos que están en diferentes fases de descomposición como metáfora do que pasa cos corpos, aínda que agora os vexamos suaves, tersos, pero con imperfeccións –para lembrarnos que son reais– chegará o día en que deixen de existir. Onde creceron estes alimentos acabaremos nós. En definitiva, facer pensar.

# MANO A MANO

Dolores Carretero

**BIBLIOTECA ROSALES**

Praza Elíptica, 1. Teléfono: 981 843 389. Horario: luns a venres de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 20:30 h.

2 a 31 de decembro

Gústame a fotografía e destacar nela aspectos cotiáns, nesta ocasión as mans que realizan continuamente as tarefas que necesitamos e ás que non sempre dedicamos os cuidados que lles vendrían estupendamente e conforme pasan os anos se van deformando.

# WHO THE FUCK IS ALICE?

Rebeca Baceiredo

**CASA MUSEO CASARES QUIROGA**

Rúa Panaderas, 12. Teléfono: 981 189 856. Horario: martes a sábado de 10:30 a 14:00 e de 17:30 a 20:00 h.  
Domingos e festivos de 10:30 a 14:00 h.

2 a 31 de decembro

A serie fotográfica *Who the fuck is Alice?* comezara con *Feminidades e resistencias*, fotografías nas que se exploraba as subxectivacións de xénero dominantes, así como as resistentes, na tradición occidental e fóra dela. Agora proséguese con *ICON*, *Operarias* e *As mozas das cancións*. En *ICON* apélase á construción e exhibición do fetiche, que funcionará como Modelo de enunciación. Asimesmo, nas *Mozas das cancións* expóñense as mulleres que se representan na industria cultural musical, tanto as que contan cun suxeito masculino que enuncia, coma algunhas nas que son as propias mulleres as que se representan, ás veces fóra das morphés sociais, ás veces dentro... En *Operarias* xógase coa tradición da Autonomía Operaria Italiana, empregándose para deconstruír os contos de fadas tradicionais.

# DENTRO-FÓRA

Javier López Prol e Pablo López Prol

**BIBLIOTECA DO ÁGORA**

Ágora s/n. Teléfono: 981 189 886. Horario: luns a venres de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 20:30 h.

2 a 31 de decembro

Esta colección navega por espazos diáfanos, fronteiras fuxidas e luces intermitentes que determinan a interacción das arquitecturas cos seus contornos.

# WHEELS AND PHOTOS

David Mateo Martínez

**BIBLIOTECA MUNICIPAL CASTRILLÓN**

Praza de Pablo Iglesias s/n. Teléfono: 981 184 390. Horario: luns a venres de 09:00 a 21:00 h. Sábados de 10:00 a 14:00 h.

5 a 31 de decembro

Son 30 fotos onde intento mostrar o ambiente que rodea o motociclismo clásico na actualidade utilizando métodos e técnicas de revelado da época.



Ca. 1930. Obreiros da empresa R. Ojea extraendo mineral no puzo do Lago



28014 Madrid



Valle nº 2



Acaricias



Bela durminte, operarias



Deus